



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Temas Avanzados en Dirección e Administración de Operacións

Materia	Temas Avanzados en Dirección e Administración de Operacións			
Código	O04M157V01104			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez López, Nuria			
Profesorado	Crespo Franco, Tony Diz Comesaña, María Eva Mondragón Adrián, Coronado Rodríguez López, Nuria			
Correo-e	nrl@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Nesta materia abórdanse aspectos estratéxicos esenciais relacionados coa actividade básica diaria da empresa. Deste xeito afóndase no proceso de definición da estratexia de operacións e na selección das principais decisións estratéxicas, que van desde a selección de produto e proceso até a xestión dos materiais, pasando polas decisións de distribución en planta, subcontratación, capacidade e localización, e facendo un especial fincapé na xestión de proxectos.			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de organización e planificación.
B2	Capacidade para deseñar e pór en práctica os plans globais da empresa, tanto estratéxicos como operativos.
B4	Capacidade para a toma de decisións.
B14	Capacidade de comprender a importancia da tecnoloxía dentro da empresa actual.
C2	Capacidade para identificar, valorar e xestionar as capacidades e o coñecemento organizacional.
D3	Capacidade crítica e autocrítica.
D6	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar, describir e diferenciar os diferentes tipos de sistemas produtivos existentes na actualidade, así como as implicacións estratéxicas da súa utilización.	A1 B4 B14 C2 D3 D6
Identificar, describir e diferenciar as decisións relacionadas co desenvolvemento de novos produtos e procesos.	A1 B4 B14 C2 D6
Identificar, describir e diferenciar as decisións relacionadas coa capacidade e a localización das instalacións.	A1 B4 B14 C2 D6
Identificar, describir e diferenciar as decisións relacionadas coa integración vertical, os acordos de cooperación e a subcontratación.	A1 B4 B14 C2 D6
Identificar, describir e diferenciar as decisións relacionadas coa xestión de inventarios e materiais.	A1 B4 B14 C2 D6
Formular a estratexia de produción tendo en conta a súa inserción no proceso de planificación estratéxica da empresa.	A2 A3 A5 B1 B2 B4 C2 D3 D6
Analizar, argumentar e recomendar as decisións relacionadas co desenvolvemento de novos produtos e procesos.	A2 A3 A4 A5 B1 B2 B4 C2 D3 D6
Analizar, argumentar e recomendar as decisións relacionadas coa integración vertical, os acordos de cooperación e a subcontratación.	A2 A3 A4 A5 B1 B2 B4 C2 D3 D6
Organizar a produción.	A2 A3 A4 A5 B1 B2 B4 C2 D3 D6

<b>Contidos</b>	
Tema	
PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DAS OPERACIÓNS.	Características e evolución dos sistemas produtivos. Contido das estratexias de operacións: Formulación de obxectivos e deseño de políticas. Proceso de formulación dunha estratexia de operacións
ESTRATEXIAS DE PRODUTO E PROCESO. CADEA DE SUBMINISTROS	Decisións de produto e proceso. Integración vertical. Subcontratación competitiva. Subcontratación avanzada ou cooperativa.
DECISIÓNS DE CAPACIDADE E LOCALIZACIÓN.	Concepto e planificación da capacidade. Concepto e factores determinantes da localización. Estratexias de localización.
SISTEMAS DE PLANIFICACIÓN E CONTROL DE INVENTARIOS E MATERIAIS.	Formulacións fundamentais sobre os materiais e inventarios na empresa. Métodos de xestión e planificación das necesidades de materiais e inventarios.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	15	20
Estudo de casos/análises de situacións	9.5	45	54.5
Probas de tipo test	0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Estudo de casos/análises de situacións	Formulación, análise, resolución e debate de casos e situacións relacionadas coa materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Tempo reservado para orientar, atender e resolver dúbidas dos alumnos durante o seu proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas dos alumnos durante a realización das actividades propostas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos/análises de situacións	Resolución dos casos propostos nas clases presenciais.	80	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B14	C2	D3 D6
Probas de tipo test	Pequena proba de seguimento sobre os contidos tratados na materia. Necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta proba.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4 B14	C2	D3 D6

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Oportunidades de avaliación

Os alumnos disporán de dúas oportunidades de avaliación correspondentes coas convocatorias ordinaria (xaneiro) e extraordinaria (xullo). As datas dos exames e de entrega dos traballos fixaranse no calendario académico do Máster; no caso de que non apareza data de entrega de traballos, entenderase que o prazo termina o día anterior á data do examen.

No caso de que o alumno só supere unha das partes, a cualificación desta parte conservarase durante as dúas oportunidades de avaliación.

Entenderase que un alumno non se presenta á materia cando non se presente ao examen, nin entregue parte algunha das

actividades propostas nas datas fixadas.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016-2017. Non obstante, o calendario pode ser modificado ó longo do curso por algún imprevisto. Consulten a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>).

#### **Observación**

Calquera evidencia de traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

CHASE, R. B.; AQUILANO, N. J. y JACOBS, F. R., **Administración de Producción y Operaciones**, 2005,  
CRESPO FRANCO, T. y PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, Programación e Control**, 2005,  
CRESPO FRANCO, T. y PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, Programación e Control. Exercicios Resoltos**, 2005,  
FERNÁNDEZ, E.; AVELLA, L. y FERNÁNDEZ, M., **Estrategia de Producción**, 2006,  
KRAJEWSKI, L. J. y RITZMAN, L. P., **Administración de Operaciones. Estrategia y Análisis**, 2000,  
MIRANDA, F. J.; RUBIO, S.; CHAMORRO, A. y BAÑEGIL, T., **Manual de Dirección de Operaciones**, 2005,  
SCHROEDER, R. G., **Administración de Operaciones. Concepto y Casos Contemporáneos**, 2004,  
RODRÍGUEZ-LÓPEZ, N.; GARCÍA VAZQUEZ, J.M., **Formas de goberno vertical e xestión empresarial**, 2007,

---

#### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

O alumno necesitará ter adquiridos os coñecementos e capacidades propias das materias introdutorias relacionadas coa Economía da Empresa e a Administración. É aconsellable, aínda que non imprescindible posuír coñecementos básicos de Dirección de Operacións.

Naqueles casos nos que algún alumno necesite apoio para conseguir estes coñecementos e capacidades, deberase pór en contacto con algún dos profesores da materia, que lle proporcionará recursos adaptados ás súas necesidades.

---